EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

# BANDO

## MOISÉS RODRIGUEZ PÉREZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE TUI

**FAI SABER a todos os cidadáns**

Que nos últimos tempos vimos comprobando incremento continuo no consumo de auga potable da rede de abastecemento municipal, especialmente agravado no inicio da tempada de verán e coa chegada das altas temperaturas.

Cómpre que todos os cidadáns comprendan a necesidade de proceder a un uso racional da auga para garantir un subministro sen restriccións e en óptimas condicións a todos os veciños do noso municipio.

En consecuencia, dende o Concello solicitamos a colaboración dos cidadáns de Tui evitando o uso da auga da rede de abastecemento municipal para o rego de xardíns ou fincas, para encher piscinas, para o lavado de vehículos, etc.

Solicitamos asemade que os consumidores eviten todo exceso no consumo de auga potable nos usos domésticos e industriais.

A Policia Local velará polo cumprimento destas medidas.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Tui, 29 de xuño de 2011

Asdo.: Moisés Rodríguez Pérez